



Prezada Valedora do Pobo:

Dirixímonos a vostede en relación ás preocupantes conclusións que a Real Academia Galega vén de facer públicas ao abeiro do *Mapa sociolingüístico escolar de Ames*, o cal ofrece un diagnóstico exhaustivo de interese para o conxunto do país, a partir do municipio coa poboación máis nova de Galiza e cun uso familiar do galego superior ao doutros urbanos e periurbanos.

Este proxecto desenvolto pola Real Academia Galega en colaboración co Concello de Ames detecta unha perda do 10% de galegofalantes iniciais xa no primeiro contacto co medio educativo na etapa infantil. O informe é minucioso e obedece a criterios de rigor científico alén de consideracións ideolóxicas, pois foi realizado a través do estudo pormenorizado dos vinte e un centros educativos do municipio e contou coa participación de máis de 2.000 familias, 264 docentes e case 1.800 escolares e estudantes.

Así, o documento sinala que o 41% das nais e o 47,5% das crianzas do primeiro ciclo de infantil falan habitualmente galego, e arredor do 12% ambas as linguas. Ao respecto dos propios menores nesta etapa, as porcentaxes redúcense ao 32,4% do galego como lingua habitual e ao 18% das dúas por igual. Pero, ademais, un fillo ou filla de cada dez (11,5%) renuncia á lingua familiar xa no seu primeiro contacto coa escola. Deste xeito, parece que os procesos de muda cara ao castelán semellan estar aumentando dende arredor dos 2 e 3 anos ata os 6 e 7, no paso do ciclo de infantil ao de primaria, que pode implicar cambios de centro educativo e redes sociais.

Nas súas trescentas páxinas, constátase que esta porcentaxe vai medrando nos sucesivos cambios de ciclo ata cifras extremadamente preocupantes: na secundaria só o 11% do alumnado é galegofalante e outro 11% bilingüe, fronte a un 77% de falantes habituais de castelán, a maioría deles monolingües. Os procesos de substitución lingüística cara o castelán iníciase, pois, na infancia e consolídase na adolescencia. De feito, máis do 50% do estudantado de secundaria declara non sentirse cómodo á hora de expresarse en galego en público.

Dende o STEG entendemos que a análise da actual situación sociolingüística provén dunha institución que se conta entre as máis prestixiosas do país pola propia traxectoria da mesma e polas persoas que fan parte dela e, por tanto, atender as súas razóns é un factor esencial para a definición de medidas efectivas ante o desafío colectivo que temos como país: o de permitirles ás xeracións vindeiras que gocen da riqueza que significa termos unha lingua propia.

Levamos anos sinalando o proceso de substitución no que se encontra a lingua propia do país. O STEG entende que o Decreto de Plurilingüismo foi lesivo e hostil para o galego como lingua minorizada e, ademais, as políticas lingüísticas desenvoltas ata o de agora estiveron centradas na educación secundaria, é dicir, anos despois de sucedida esta muda. Os datos convidan a cuestionar, non só o actual Decreto en vigor, senón tamén o modelo e reflexionar sobre as modificacións precisas para estas políticas por parte do goberno da Xunta e, en especial, a súa Consellería de Educación.

Obviamente, estamos a favor de que o alumnado coñeza cantas máis linguas mellor, mais temos a convicción –ao contrario do que se defende noutros ámbitos- que nin o castelán nin o inglés corren risco ningún de desapareceren. Pola contra, son moitas xa as sinais e advertencias que dende distintos ámbitos e latitudes se veñen facendo ao respecto da situación da lingua galega, mesmo dende institucións de ámbito europeo.

Por iso ao noso criterio, este informe, de público coñecemento, debera suscitar unha fonda reflexión por parte das persoas e institucións que teñen na súa man corrixir esta situación e, no exercicio lexítimo das súas funcións, procederem a facelo, pois entendemos que é unha obriga ética e moral preservar a lingua propia do país e non obviar a realidade obstinada dos datos.

É por isto e, tamén, polas funcións que se lle atribúen ao cargo que representa, polo que nos diriximos a vostede para que faga valer non só os dereitos da cidadanía, senón os da infancia, e poida contribuír a que a escola contribúa á aprendizaxe da lingua propia e garanta o seu uso en pé de igualdade co resto de linguas, transmitíndolle ao tempo a nosa maior confianza no entendemento pola súa parte dos nosos motivos.

Sen outro particular e, quedando á súa disposición, reciba un saúdo afectuoso de quen lle escribe en nome do noso sindicato, atentamente,

**Lois Pérez**



**Secretario de Organización do STEG**

**7 de outubro de 2021**

